

**BASES  
CONCURSO-DESFILE INFANTIL DE ENTROIDO 2024**

1º.- O Concello de Marín publica as bases para a participación no Desfile-Concurso Infantil que se vai celebrar o sábado 10.02.2024.

2º.- A inscrición terá lugar no Palco da Música de 15:30h ás 16:15h.

3º.- Tras a inscrición, desfilarase polas seguintes rúas: Real, Praza do Reloxo, Sol e Concepción Arenal, rematando no Parque Eguren.

4º.- Poderán participar os/as nenos/as, nados/as a partir do ano 2010, é dicir que teñan menos de 14 anos. As persoas maiores de 14 anos quedarán excluídas da avaliación do xurado.

5º.- A participación no desfile-concurso infantil dá por suposto a aceptación destas bases. Non se poderán inscribir en máis dunha categoría.

6º.- Os/as acompañantes deberán ir disfrazados. Non poderá ir máis dunha persoa adulta por cada 4 nenos/as.

7º.- A comisión do Entroido e o Xurado terá a potestade de *descualificar a calquera participante* de calquera categoría se se incumpre algunha das bases. As decisións tomadas polo xurado serán inapelables.

**8º.- A contía dos premios é a seguinte:**

PREMIOS	INDIVIDUAIS	PARELLAS	GRUPOS	COMPARSAS
1º.	60 €	110 €	160 €	200 €
2º.	50 €	85 €	110 €	150 €
3º.	40 €	60 €	85 €	100 €
4º.	30 €	50 €	75 €	
5º.	---	---	50 €	

O importe máximo a repartir, agás a contía fixa das comparsas, será de 1.415 €.

9º.- Os/as gañadores/as recollerán o premio ao ser chamados, coa mesma vestimenta pola que foron premiados/as e co número de inscrición.

10º - Na entrega de premios, as comparsas interpretarán a súa canción.

11º.- Os criterios de puntuación de 0 a 5 puntos son:

- Orixinalidade
- Vestiario
- Actitude, ritmo e animación

**Contías fixas para comparsas:**

- 225€ por participar no desfile infantil.
- 100€ por participar no desfile de adultos.

O importe máximo a repartir será de 6500€, polo que non poderán participar máis das primeiras 20 comparsas inscritas.

**REQUISITOS A CUMPRIR POLAS COMPARSAS PARA ACOLLERSE ÁS CONTÍAS FIXAS**

- Estarán integradas, como mínimos, por 20 nenos/as.
- Interpretarán cancións acompañadas de calquera tipo de instrumento, con ritmo e coreografía.
- Os/as compoñentes deberán ser en máis dun 60 % naturais ou censados en Marín, polo que farán constar os nomes e apelidos na ficha de inscrición que se facilita no Museo M. Torres.
- A ficha de inscrición presentárase no Museo M. Torres antes do xoves 8 de febreiro ás 14.00h, xunto coa copia das composicións que terán que ser en galego (letras e cancións).
- Concentraranse na Alameda o sábado 10 de febreiro antes das 16.15h.

**CLIMATOLOXÍA**

No caso de mal tempo, a Comisión poderá aprazar o desfile ou suspendelo definitivamente. **No caso de que o desfile non se chegue a celebrar, as comparsas inscritas recibirán unha axuda de 100€.**

Para máis información no Concello de Marín, Museo M. Torres (986 891 186 / [museo.torres@concellodemarin.es](mailto:museo.torres@concellodemarin.es)) e na web: [www.concellodemarin.es](http://www.concellodemarin.es).